

Un congreso repasa en Lugo a historia recente da música galega

► O simposio contará con teóricos e con grupos que interpretarán pezas

► As actuacións serán as de Santart, Sólo Voces, Miro Casabella e The Homens

JAUREGUIZAR

✉ sjareguizar@elprogreso.es

LUGO. O congreso Músicas Galegas de Actualidade fará un repaso á historia sonora do noso país dende finais do século XIX ata a actualidade, combinando as disertacións de expertos con concertos dos estilos comentados. O simposio comezará en Lugo o vindeiro luns e se desenvolverá ata o venres en horario de 19.30 a 21.30 horas no Museo Provincial.

O programa foi dado a coñecer por representantes das dúas entidades organizadoras, o vicepresidente da Deputación, Antón Bao, e o presidente da Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG), Xoán Costa.

A experta Rosa María Fernández abrirá as actividades lembrando a figura de Jesús Bal y Gay, e reivindicando a do ourensán Ángel Barja, xa que falará sobre tradición e vangarda en ambos os dous autores, baixo o epígrafe de 'A música esquecida'.

O cuarteto Santart, que está integrado por músicos da Real Filharmonía de Galicia, intepre-

tará o cuarteto 2º e 3º de Ángel Barja. Como lembrou Antón Bao, «é a segunda vez que se interpreta en Galicia dende a súa estrea en Santiago». Xoán Costa engadiu a importancia de recuperar «a figura deste galego que emigrou como tantos outros».

O martes será a quenda das corais, «que foron tan importantes dende fins do século XIX e aínda segue séndoo hoxe, e tiveron vontade de facer algo que identificase Galicia como país», comentou o responsable da AS-PG. 'A vontade identitaria do coralismo galego' foi o asunto escollido polo profesor de historia da música da Universidade de Valladolid Luís Costa.

A súa palestra virá seguida dunha interpretación de pezas de Xoán Montes e de Pascual Veiga a cargo do coro lucense Sólo Voces.

O profesor de historia Xan Fraga será o ponente da xornada do mércores e falará sobre o contexto histórico e cultural no que xurdiu a Nova Canción galega. Dentro da súa charla, abordará a obra de Miro Casabella, un dos referentes dese movemento, primeiro como integrante de Voces Ceibes e de pois en solitario, e que tocará logo de que remate Fraga.

O vicepresidente da Deputación apreciou que «moitas veces se identifica a música galega co folclore, algo que é moi importante, pero a música galega é moito máis». Unha desas mostras é a banda de powerpop The Homens, que acudirán ao Museo Provincial de Lugo para presentar o seu disco 'Cuarta potencia'.

Este grupo debe unha parte da súa sona ao traballo de espalla-



The Homens presentará en Lugo o seu cuarto disco. EP

Antón Bao

Vicepresidente da Deputación

As corais son importantes dende fins do século XI e tiveron a vontade de facer algo que nos identifique como país»

Moitas veces identifícase a música galega co folclore, algo que é moi importante, pero a música galega é máis»

mento do músico Xurxo Souto, quen intervirá con anterioridade coa charla 'No ano do relampo, a selva diversa das músicas emerxentes', que versará sobre a actividade xurdida nos últimos anos nas salas de concertos e nos medios cibernéticos galegos.

O derradeiro día de Músicas Galegas de Actualidade non contará con concerto ningún, «por-

Xoán Costa

Presidente da AS-PG

Vai ser imprescindible recuperar a figura de Ángel Barja, un galego que tivo que emigrar como tantos outros»

Os compositores actuais non teñen a oportunidade de escoitar as súas creacións por falta de grupos que as interpreten»

que os compositores non teñen a oportunidade de escoitar as súas composicións». Un musicólogo da Universidade de Valladolid, o lucense Carlos Villar, terá que usar gravacións para poder ilustrar as súas reflexións sobre as músicas contemporáneas en Galicia, dentro das que atenderá ás tendencias e aos compositores do novo século.

Varela advierte de que «hay que acabar» con las subvenciones a la cultura gallega

EFE

OURENSE. El consejero de Cultura, Roberto Varela, advirtió ayer en Ourense de que hay que «ir acabando poco a poco con las subvenciones para empezar a hablar de industrias culturales» que, dijo, no viven como tales «desde el momento en que están única y exclusivamente subvencionadas por las instituciones».

Durante una rueda de prensa en la Biblioteca de Ourense, donde presentó las líneas estratégicas en materia cultural, Varela incidió en que el futuro de estas industrias pasa por «reajustes», tanto en la producción como en la promoción de los productos.

En esta línea, abogó por una política basada en «una menor producción, pero mayor calidad y, sobre todo, una mejor venta». Para ello, el consejero aseguró que buscará el «consenso» de instituciones, administraciones e industrias culturales.

Con motivo de la celebración el próximo año del Día Mundial del Libro, Varela indicó que hay que adaptarse a la nueva situación y precisó que «todo entra dentro de cultura gallega», también la defensa del gallego.

Por otra parte, el director general de Promoción y Difusión de la Cultura, Francisco López, anunció que se llevará a cabo una programación para conseguir «una mayor visibilidad» del libro, lo que contará con 2.850.000 euros. Así, dentro de los actos previstos para 2010 habrá congresos y conmemoraciones, promoción y difusión del libro y un programa de fomento de la lectura y la escritura.

XVII PREMIO PERIODÍSTICO

Puro Cora



El Progreso convoca o "XVII Premio Periodístico Puro Cora" para artigos de firma en galego ou castelán, como homenaxe e lembranza de tres xeracións de xornalistas e homes de empresa que baixo a súa dirección o xornal percorreu os 85 primeiros anos do Centenario celebrado no 2008: Purificación de Cora y Más-Villafuerte, Purificación de Cora Sabater y Purificación de Cora Paradela. O premio rexeráse dacordo ás seguintes bases:

S
E
S
A
B

Poderán presentarse artigos periodísticos publicados por primeira vez entre o 2 de febreiro e o 15 de decembro de 2009, en medios de comunicación escritos, tanto xornais como revistas de calquera periodicidade, españois ou extranxeiros, asinados polo seu autor.

O tema do artigo é libre, se ben o xurado avaliará aqueles traballos que amosen unha máis alta consideración da solidariedade, da comprensión entre os homes e da defensa dos valores democráticos.

O autor remitirá ó xornal El Progreso, rúa Puro Cora 3, 27002 Lugo, catro exemplares da publicación onde apareceu o traballo que opta ó premio, xunto cun sobre onde consten os seus datos persoais. O prazo de admisión remata o 30 de decembro de 2009. Cada autor poderá presentar tres artigos diferentes. Cada membro do xurado poderá propoñer cantos traballos considere merecentes. O premio, único e indivisible, é de 10.000 euros.

O xurado, ó fronte do cal estará como presidente vitalicio o de El Progreso, fará público o seu fallo o día 2 de febreiro de 2010, aniversario do nacemento do fundador do xornal. A presentación ó concurso implica a aceptación das súas bases. O xurado poderá decidir sobre calquera eventualidade non prevista na convocatoria e a súa decisión será inapelable.

ELPROGRESO